

XXV FESTIVAL DE TEATRO AGUSTÍN MAGÁN 2025



25 ANOS DA FEGATEA

TEATRO PRINCIPAL




20:00 VENRES 19 DE SETEMBRO

NOVO AMENCER

Unha comedia que pon o foco nas falsas crenzas, nos líderes de barro, na inocencia e naqueles que se aproveitan dela para o seu propio beneficio.

UNHA OBRA DE ACHÁDEGO TEATRO



20:00 SÁBADO 20 DE SETEMBRO

CARTAS DA MULLER AUSENTE

Unha muller acode á consulta do psiquiatra para tratar o trastorno de personalidade múltiple que sofre desde que se divorciou. Como terapia, o doutor recoméndalle a escritura dunhas cartas co obxecto de que a muller silenciada, durante o tempo que durou o matrimonio, exprese as súas emocións e prodúzase a ansiada recuperación.

UNHA OBRA DE DITIRAMBO




20:00 DOMINGO 21 DE SETEMBRO

Vivir con Huntington

O espectáculo aborda a problemática da enfermidade de Huntington, que é de carácter xenético e hereditario, e provoca o desgaste dalgunhas células nerviosas do cerebro.

UNHA OBRA DE O TRASNO TEATRO

SALA MAGÁN - SANTA MARTA




19:00 XOVES 25 DE SETEMBRO

ENCROBAS

Encrobas é unha peza de teatro documental e de creación colectiva que revive un episodio clave da loita social en Galicia: a resistencia labrega no val das Encrobas durante os anos 70 fronte á expropiación forzosa das súas terras por parte do Estado franquista e da empresa Fenosa.

UNHA OBRA DE CATRO GATOS



19:00 VENRES 26 DE SETEMBRO

XA É HORA

Unha actriz fracasada agarda tras o pano o inicio da función, pero unha visita inesperada, absurda e misteriosa fará que todo o mundo da nosa protagonista dea un xiro brutal. Unha nova comedia de Teatro Pesadelo que escarva nas miserias humanas e nas precarias condicións das actrices e actores do noso país.

UNHA OBRA DE TEATRO PESADELO



19:00 SÁBADO 27 DE SETEMBRO

Tránsito - Mulleres soas e Petición de man

Teatro de Cámara Ditea presenta un espectáculo de microteatro baseado en tres pezas diferentes.

TEATRO DE CÁMARA DITEA

